



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2009 13:41
Nº Rexistro: 12591
Data envío: 30/10/2009 13:41:15.988

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galiza para resolver os problemas que a construción da Vía Ártabra ameaza con provocar no lugar de Os Tornos (Dorneda, Oleiros).

No lugar de Os Tornos, en Dorneda, concello de Oleiros, e en concreto na rúa Emilia Pardo Bazán, na estrada que une Santa Cruz de Liáns (Oleiros) con Meirás (Sada) os veciños aturan unha serie de problemas provocados pola construción da Vía Ártabra. Aparte dos baixos prezos pagados polas expropiacións, as obras de construción de unha ponte e unha rotonda, e que ese treito de estrada vai ser un distribuidor de acceso á futura Vía, provoca que a falta de beirarrúas, alcantarillado, auga potábel, gas e outros servizos, condenen aos veciños de esa zona a un illamento aínda máis grande que o que padecían por parte do concello de Oleiros.

Á vista desta situación, fórmulanse as seguintes cuestións:

Ten previsto a Xunta de Galiza instalar beirarrúas nese tramo da rúa Emilia Pardo Bazán para garantir a seguranza na zona? Cando ten previsto incluílas daquela no proxecto?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/10/2009 13:41
Nº Rexistro: 12591
Data envío: 30/10/2009 13:41:15.988

Ten previsto a Xunta pór nese tramo de estrada as conexións de alcantarillado, gas e outros servizos aproveitando as obras?

Santiago de Compostela, a 30 de Outubro de 2009

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Deputado do G.P. do BNG
Ana Luísa Bouza Santiago
Deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 30/10/2009 13:40:25

Ana Luísa Bouza Santiago na data 30/10/2009 13:40:35